

24 // proPostas

Paso a nivel

Ensaio Pensamento autocrítico e resistencia cultural

O Cineclube de Compostela ofrece neste libro materiais e formas discursivas de innegábel interese e utilidade para reconsiderar desde o compromiso crítico un aspecto fundamental da realidade e dos simulacros políticos na posmodernidade. Nada menos que o proceso de autocuestionamento do ideario, estratexias e axenda dos movementos de resistencia, en especial daqueles que incorporan algún programa cultural como fundamento ideolóxico ou como ariete social da intervención desenvolvida.

Falar de movementos, de acción colectiva, é acaído porque a resistencia cultural hai que pensala neses termos, sen prexuízo de que a mediación e a axencialidade posúan asemade un vector individual, visíbel no caso de certas producións artísticas e teórico-críticas (e para iso, non sempre). De feito, este volume admite ser lido en dúas perspectivas, non complementarias nin tendentes a síntese ningunha, que introducen dinámicas habilitadoras dun debate obrigado. Sobre todo para a esquerda.

Por unha parte están o limiar de Isaac Lourido, o ensaio epilodal de Slavoj Žižek, os vintedous textos dos colaboradores, o cedé coa música experimental do trío Urro, a maquetación de X. Carlos Hidalgo, a colaboración con Estaleiro Editora. Doutra parte, aparece o intelectual

**Non conciliados.
Argumentos para a
resistencia cultural** ·
VV. AA. ·
Cineclube de
Compostela, 2010 ·
216 páx · 5 euros



colectivo que dalgún modo é –vén sendo– o propio Cineclube. Cunha rede de apoios-citacións que invoca o pensamento de Gramsci, Benjamin, o materialismo cultural británico, Weiss, Debord, Foucault, Badiou, Bensaïd, Žižek, e que dialoga en particular, como non podía ser doutro xeito, coa cinematografía. E isto xa desde o propio título do libro, eco do filme *Non réconciliés* (1965), de Straub e Huillet, que Aurelio Castro aborda no seu contributo ao volume. Outros capítulos fan o propio con producións de De Sica, Antonioni, Bertolucci ou Farocki.

É necesario observar a dimensión xeracional da proposta: un núcleo nada (pre)ocupado en vixiar ortodoxias nin cohesións grupais e no que a maior parte das voces, todas agás as de Alberte Pagán, Belén Gopegui, José Manuel Sande e Xesús González Gómez, corresponden a ensaístas, xornalistas, documentalistas e analistas culturais nados entre 1975 e 1985, e que por tanto parece improbable que chegasen a iniciar camiño de volta ningún.



Fotograma do filme *Nicht versöhnt* // Straub e Huillet

Con todo, o máis relevante parécese que sexan dúas notas. A primeira é a axilidade, a intensidade e mesmo a eficacia dunha reflexión non condicionada, dunha análise que non concede espazos a doxa ningunha, que non o fai nin nos temas máis delicados (o nacional, por exemplo). Diría aínda que se trata en xeral dunha discursividade non primordialmente instrumental ou programática, aínda que achegas como as de Samuel Solleiro, Lara Rozados, Isaac Marrero, Miguel Prado ou Marcos Pérez Pena perfilan dúbidas estimulantes nese plano. A segunda nota consiste nunha opción, con certeza non pactada, a prol da diversificación discursiva do volume: o ensaio académico, a hermenéutica de ideoloxemas e xestos, a enunciación directiva, a autoficción, a

colaxe documental e distintas prácticas da intertextualidade, algo que lonxe de des-facer o libro acaba instando unha disposición participativa na lectura.

Os textos de Lourido e Žižek funcionan como parénteses osmóticas. O limiar detalla a cartografía da resistencia cultural e a lenda empregada para interpretala (poder, institución, emancipación, hexemonía, clases sociais, nación, desterritorialización, ciclo de protesta, repertorios culturais, performatividade, efectividades táctica e estratéxica...). O epílogo localiza, apelando á política institucional e sociocultural de Hugo Chávez, unha saída posíbel ao labirinto das derrotas da esquerda. Žižek, nun coñecido texto de 2007 no que equipara resistencia e rendición, sanciona que

toda política de resistencia se institúe na praxe en suplemento moralizante e ornamental da socialdemocracia ou en simple socio simbiótico do poder.

Non hai espazo para detalles complementarios. Outros capítulos aplícanse a clases discursivas e textuais específicas, entre o teatro, os manifestos e o documentalismo. En ocasións centran unha descrición de disposicións intelectuais e hábitos no campo cultural. Relaciono xa apenas os nomes dos colaboradores non mencionados nas liñas que anteceden: Alberto Lema, Cristina García Parga, Gonzalo Pallares, Ramiro Ledo, Daniel Salgado, Cristina Martínez, María do Cebreiro, David Rodríguez, Iria Sobrino, Xiana Arias e o Centro Social Okupado Casa das Atochas. // **Arturo Casas**